



AXUDAS PARA INVESTIMENTOS QUE FOMENTEN A PESCA SUSTENTABLE PARA PROPIETARIOS DE BUQUES PESQUEIROS ANO 2026

(Extracto da Orde da Consellería do Mar de 26 de decembro de 2025-DOGA 21
Xaneiro de 2026)

(A título indicativo e non exhaustivo)

OBXECTO:

-Realización de actuación por parte de propietarios de buques pesqueiros para fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos.

PE120A, para axudas dirixidas a diminución do efecto da pesca.

PE120B, para axudas que melloren as condicións laborais e de seguridade a bordo.

PE120C, para axudas destinadas a aumentar a eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático...

PE120E, para axudas que aumenten o valor engadido, a economía circular e a seguridade alimentaria.

FINALIDADE: As axudas terán como finalidade a realización de investimentos:

-PE120A, que limiten o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies.

-PE120B, que melloren a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo en buques pesqueiros.

-PE120C, que optimicen o uso da enerxía, eficiencia enerxética cambio de motor...

-PE120E, que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas.

REQUISITOS PRINCIPAIS:

-Poderán ser beneficiarios os propietarios de buques pesqueiros de 3ª lista con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e que non teñan resolución desfavorable de regularización.

-Estar ao día nas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.

-Ter a correspondente autorización ou solicitude de autorización para realizar os investimentos naqueles casos nos que sexa necesaria.

-Ter constituído seguro que garanta a cobertura de danos a terceiros.

-Haber levado a cabo actividades pesqueiras no mar polo menos 60 días nos anos 2025 e 2024

-Durante os cinco anos seguintes ao pagamento non se pode:

-Cesar na actividade produtiva.

-Relocalizar a actividade produtiva fóra de Galicia.

-Cambiar a propiedade do buque.

-A suma das vendas do ano anterior debe ser superior ao 50% da media do porto base e segmento da frota.

INVESTIMENTOS OBXECTO DA AXUDA:

-Mellora da seguridade a bordo do buque.

-Mellora das condicións de traballo.

-Mellora das condicións de hixiene.

-Substitución de motor (O buque debe constar no Rexistro Xeral da Flota Pesqueira como mínimo os 5 anos civís previos ao 2025 e a potencia do novo motor non supere a do motor existente se o buque ten unha eslora ata 12 metros e que pertenza a un sector en equilibrio coas posibilidades da pesca)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Un mes contado dende o 22 de Xaneiro de 2026.

Forma: obrigatoriamente medios electrónicos formulario na sede da Xunta de Galicia

<https://sede.xunta.gal>. Máis información: Orde da Consellería do Mar do 26 de decembro de 2025 (DOG Nº 13 DE 21/01/2026)